



EXTRACTO SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23 de xaneiro de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 23 de xaneiro de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 16/01/2017, que se aprobou por unanimidade.

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/210

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda a contratación dun gabinete especialista en Psicoloxía para facer a avaliación psicolóxica dos aspirantes ás probas de tres prazas de Garda da Policía Local, aprobando a oferta presentada pola **Dra. Almudena Gómez Pulido** (Neurosicóloga, Colexiada nº 15883), por un importe de 1.004,05 €, con cargo á partida 920.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2017/217

Vista a proposta do Encargado do Servizo de Obras, en relación coa urxente necesidade de dispoñer dun operario condutor-padexeiro para cubrir posto vacante. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o nomeamento dun condutor maquinista como funcionario/a interino/a a tempo completo, con cargo ao posto vacante existente na RPT municipal denominado Condutor-Maquinista, da nova bolsa de Emprego constituída ao efecto no mes de decembro.

PRP2017/229

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión da información sobre execución orzamentaria de gastos de persoal para o ano 2016, actualizadas ao final do ano (31 de decembro de 2016) de conformidade coa Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que



se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LO 2/2012, dando un total de 357 empregados e un total de gasto de 10.046.424,71 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/282

Vista a proposta do Presidente da Fundación de Deportes de nomeamento dun/ha operario/a conserxe, da nova bolsa de Emprego de subalternos/as con carné de conducir realizada no mes de decembro, en substitución do operario-conserxe D. Juan A. Ramírez Mejjide, de baixa por IT . A Xunta de Goberno Local acorda nomear un/ha operario-conserxe da bolsa citada, a tempo completo como funcionario/a interino/a por substitución de titular, ata a incorporación efectiva do Sr. Ramírez Mejjide e logo do desfrute dos permisos e/ou licenzas que regulamentariamente poidan corresponder trala alta médica.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Emprego

PRP2017/237

Dáse conta da IV Addenda do Convenio de colaboración para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no Eido da Administración Local, consideración de Aula de Referencia á Aula CEMIT do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude para obter a condición de aula CEMIT de referencia e a inclusión na lista de reserva para optar á subvención para a realización de accións dentro do Plan de Inclusión Dixital de Galicia.

PRP2017/250

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria, o incremento da subvención concedida para o Obradoiro de Emprego FORME 16, destinada a sufragar os custos salariais dos alumnos traballadores no ano 2017, debido ao incremento do SMI, por un importe total de 2.450,00 €.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Sanidade

PRP2017/238

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **A&B Laboratorio de Biotecnología S.A.U.** para o subministro de material para os Cemiterios Municipais de Vilagarcía de Arousa e Carril, por un importe total de 329,26 € (IVE incluído), con cargo á partida 164.22110.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/239

Vista a proposta da Concellería Delegada da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases e orzamento para a realización do IX Maratón Fotográfica pola Igualdade, un importe total de 900 €, coa seguinte desagregación:

- Premios: 600,00 € (3 premios de 200,00 € cada un), con cargo á partida 2312.48100.



- Varios: 300,00 €, con cargo á partida 2312.22699.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/240

Vista a proposta da Concellería de Cultura acórdase a aprobación do convenio con AGADIC de programación do 1º semestre da Rede Galega de Teatros e Auditorios 2017: Programación, , con un importe a asumir polo Concello de 5.639,50€ con cargo á partida 334.22609. Coa seguinte desagregación:

COMPANÍA	ESPECTÁCULO	IMPORTE AGADIC	IMPORTE CONCELLO
VOADORA	SOÑO DUNHA NOITE DE VERÁN	3.250,00	3.250,00
CONTRA PRODUCCIÓNS, S.L.	O TOLLEITO DE INISHMAAN	2.389,50	2.389,50

PRP2017/242

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a actuación do Grupo Musical *SR. Chinarro*, a cargo da Compañía **New Live Promociones Culturales, S.L.**, a celebrar o día 12 de marzo no Salón García, dentro do ciclo “Achégate ó salón”, cun prezo de entradas de 6 € para adultos e de 3 € para menores de 16 anos, sendo a recadación da venda de entradas para o Concello. O gasto ascende a un importe total de 2.662 € (IVE engadido), en concepto de caché, con cargo á partida 334.22609, sendo tamén a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto que puidese corresponder por esta actuación, de conformidade coa cláusulas Duodécima do contrato.

A venda das entradas será a través da canle TICKETEA, polo que os gastos ocasionados pola mesma serán a cargo do Concello, segundo o convenio establecido.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/214

Dáse conta da tramitación de licitación, a través da Plataforma del licitación electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), para adxudicar mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e documentación simplificada, do Subministro e instalación dun sistema de Copias de Seguridade para o CPD, cun orzamento de licitación de 40.000,00 €, e das ofertas presentadas, seguintes:

Licitador	Oferta (sen IVE)	Oferta (IVE engadido)	Melloras ofertadas
Ozona Consulting, S.L.	32.921,54 €	39.835,06 €	-Entrégase no servidor un procesador Intel® Xeon® E5-1620 v4 a 3,5 GHz cando o requisito mínimo no prego é de 3,0 GHz. -O tamaño dos discos dos servidores é de 1 TB cando o requisito mínimo no prego é de 300 MB. -A conectividade entre os servidores e a rede é con interfaces de 10 Gb cando o requisito mínimo no prego é de 1 Gb. -As unidades de cinta dos Autocargadores son tecnoloxía LTO6 cando no prego o requisito mínimo é LTO5.



			-O custo do servizo de replicación a partir do terceiro ano, é de 1.500 € + IVE ata o fin de vida do DataDomain actual do Concello.
Internacional Periféricos y Memorias España, S.L.U.	33.025,00 €	39.960,25 €	Non oferta melloras

De conformidade co establecido nos pregos que rexen a licitación iniciouse rolda de negociación, durante a cal presentou oferta mellorada o seguinte licitador:

Licitador	Prezo (sen IVE)	Prezo (IVE engadido)	Melloras ofertadas (non contemplados nos pregos que rexen a licitación)
Ozona Consulting, S.L.	32.900,00 €	39.809,00 €	-Entrégase no servidor un procesador Intel® Xeon® E5-1620 v4 a 3,5 GHz cando o requisito mínimo no prego é de 3,0 GHz. -O tamaño dos discos dos servidores é de 1 TB cando o requisito mínimo no prego é de 300 MB. -A conectividade entre os servidores e a rede é con interfaces de 10 Gb cando o requisito mínimo no prego é de 1 Gb. -As unidades de cinta dos Autocargadores son tecnoloxía LTO6 cando no prego o requisito mínimo é LTO5. -O custo do servizo de replicación a partir do terceiro ano, é de 1.500 € + IVE ata o fin de vida do DataDomain actual do Concello.

Unha vez aplicados os criterios de adxudicación previstos nos pregos, a clasificación das ofertas por orden decrecente é a seguinte:

Licitador	Prezo	Melloras				Total Puntos
		Anos garantía	Oferta Técnica	Configuración Servidores	Configuración Autocargadores	
OZONA CONSULTING, S.L.	20	0	5	10	5	40
INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.U	19,9	0	5	5	5	34,9

Requirida, á empresa Ozona Consulting, a documentación á que fai referencia o artigo 151.2 do TRLCSP, esta foi presentada de forma correcta.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o Subministro e instalación dun sistema de copias de seguridade, á empresa OZONA CONSULTING, S.L. por un prezo de 32.900,00 €, ó que corresponde un IVE (21%) de 6.909,00 €, o que totaliza un importe de 39.809,00 € (IVE engadido), de acordo coa oferta presentada e as melloras incluídas nesta.

2.- Designar coma funcionario técnico representante da Administración contratante, ós efectos do artigo 235 do TRLCSP, ao enxeñeiro informático municipal don Juan Luís Núñez Tourís.



Dáse conta do escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra de recordatorio de xustificación da subvención concedida no marco do Plan Concello 2016 (lina 4): Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/249

Dáse conta de comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra da contía definitiva do Plan Concellos 2017, correspondendo ao Concello de Vilagarcía de Arousa, para o financiamento das solicitudes acollidas a dito plan e que ascende a 1.397.028,74 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

ASUNTOS DE RENDAS, RECADACIÓN E TESOURERÍA

PRP2017/246

Unha vez confeccionados polo Servizo Municipal de Mercados os Padrós de Mercados; Postos e Barracas; Mercadillos; Postos Exteriores; Postos Interiores; e Cámaras Frigoríficas a Xunta de Goberno Local acorda a súa aprobación, co nº de recibos e importes seguintes:

CONCEPTO	Nº RECIBOS	IMPORTE
Mercados xaneiro/2017	97	5.742,60
Postos e barracas xaneiro/2017	2	176,54
Mercadillos 1º trim/2017	201	3.514,53
Puestos exteriores 4º trim/2016	194	17.157,77
Puestos interiores 4º trim/2016	49	1.777,08
Cámaras frigoríficas 4º trim/2016	20	655,20

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.